



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior de técnico de urbanismo 2006

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	216
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2006
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Desde unha vertente xeral, e con particular incidencia desde a perspectiva da lexislación galega, co fin de adaptar as ensinanzas do contido do curso á singular realidade da nosa comunidade, preténdese profundar nos coñecementos tanto teóricos como prácticos de dúas pezas claves do urbanismo: o planeamento e a xestión urbanística, instrumentos esenciais para a súa materialización e, podería dicirse, para a súa propia existencia.

DESTINATARIOS

A metade das prazas (24) ten como destinatario o persoal das diferentes administracións públicas de Galicia: funcionarios de carreira ou persoal interino dos grupos A e B, que estean en posesión do título de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro superior, ou o de diplomado, arquitecto ou enxeñeiro técnico, así como o persoal laboral dos grupos I e II, que se atope en posesión de calquera dos títulos anteriormente citados.

PROGRAMA

Módulo I: réxime urbanístico do solo.
Módulo II: planeamento urbanístico.
Módulo III: normas de aplicación directa.
Módulo final.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

a) Se os solicitantes son funcionarios, persoal interino ou persoal laboral das administracións públicas de Galicia:

Priorizarase que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o interesado no desempeño do seu posto de traballo e a materia obxecto deste tema, o que se acreditará mediante as certificacións e acreditacións curriculares correspondentes.

b) Se os solicitantes non son persoal ao servizo das administracións públicas:

Gozarán de preferencia aqueles solicitantes que documentalmente acrediten que a súa actividade profesional mantén relación co urbanismo e poidan demostrar, a través do seu currículo, unha constatada experiencia neste campo. Valoraranse os seguintes méritos vinculados coa materia expresada: doutoramento, cursos de urbanismo, formar parte de equipos redactores de planeamento xeral ou de planeamento de desenvolvemento ou documentos de xestión, asistencia técnica a concellos e ensino universitario

3. DATOS EDICIÓNS

UR07SUR001SA

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 29/09/2006 a 16/05/2007

NUM. PRAZAS: 48

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

EGAP, Santiago de Compostela.